

Nova Escola Galega fai un chamamento á participación activa na manifestación convocada pola Plataforma cidadá Queremos Galego para o vindeiro domingo 23F, Día de Rosalía, baixo o lema **LINGUA VITAL XA! Paremos a emerxencia lingüística.**

O pasado 14 de febreiro [distintas organizacións da comunidade educativa](#), de xeito coordinado e na procura dunha mudanza de rumbo a respecto da lingua no ensino, presentamos publicamente esta mobilización que reclama cumprir cos requirimentos do Consello de Europa, a aplicación das medidas contidas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004) e a necesidade de derogación do Decreto 79/2010 de “plurilingüismo”.

Como [Nova Escola Galega](#) ten advertido de xeito continuado, o decreto non permite que a escola desenvolva o papel normalizador que lle atribúe a Lei de Normalización Lingüística, ao evidenciarse que non garante a progresividade no uso do galego no ensino, nin logra que o alumnado desenvolva competencias plenas en lingua galega. Durante 15 anos a Xunta incumpriu a obriga de avaliar o decreto, e desbotou calquera análise ofrecida por organismos oficiais ou institucións, que

viñan avisando das consecuencias nefastas da súa aplicación. Desde o recente ofrecemento do *Pacto pola Lingua* e logo de trazar unha liña vermella arredor da polémica norma, apoiándose para a súa defensa nos resultados dunha enquisa encargada a [Sondaxe sobre “Percepción social do galego”](#) aplicada a unha mostra de 1.200 familias, a Xunta parece abrirse agora a “*cambiar cousas*” do decreto de “plurilingüismo”.

No mes de xaneiro Nova Escola Galega fixo pública unha [Declaración](#), coa pretensión de ofrecer unha certa diagnose sobre a situación de emerxencia lingüística, así como a súa posición arredor do proceso de revisión do PXNLG impulsado pola Xunta de Galicia no marco do *Pacto pola Lingua*. Entre as consideracións para a acción reclamabamos *compaxinar o traballo de cada unha das comisións coa existencia dun proceso participativo, de diálogo coa cidadanía, coas institucións, entidades e colectivos cívicos que veñen traballando a prol da lingua*.

Desde a presentación das persoas coordinadoras da revisión do PXNLG o pasado 26 de decembro ata a primeira reunión celebrada a comezos de febreiro, alén de retóricas declaracións, pouco ou nada se vai sabendo dos obxectivos, metodoloxía e procedementos previstos para desenvolver un traballo que -á vista da dimensión do problema- deba estar orientado a establecer un marco de actuacións capaz de reverter a situación de devalo lingüístico, unha tarefa urxente para a que non deba sobrar ninguén. A esta altura descoñécense os criterios para a composición das comisións, que -polo que parece- nalgúns casos non

teñen ningún interese en contar con entidades, e mesmo con institucións, que se veñen dedicando ao traballo normalizador a pé de obra: nas aulas, nos concellos ou noutros espazos de indubidable importancia normalizadora.

Unha opacidade que mina a confianza cidadá a respecto do proceso e do alcance do traballo resultante. Non é este un bo comezo para andar un camiño que debe xerar expectativas favorables para o futuro do idioma propio e da cultura de noso. Esiximos transparencia sobre o sentido, alcance e características do proceso de revisión do PXNLG que debe contar con canles para unha efectiva participación social.

Paralelamente, e neste contexto marcado por ese ofrecemento de *Pacto pola Lingua*, o goberno da Xunta veu tomando decisións políticas unilaterais que contraveñen e condicionan calquera expectativa razoable de mellora en distintos ámbitos. Se falamos de medios, por primeira vez elimínase o requisito de coñecemento do idioma para acceder á CRTVG; a sabendas da importancia dos espazos de socialización, o idioma tampouco lles parece ser necesario para o labor das persoas monitoras, mesmo co obxectivo expreso de “fomentar a lingua galega”; ignorando os beneficios derivados da necesaria proxección internacional, vótase en contra da utilización das linguas propias nas institucións europeas... exemplos recentes dun suma e segue ininterrompido de medidas de desprotección do idioma, cando

precisamente está en xogo aplicar estratexias máis efectivas para o seu desenvolvemento.

Agardamos que a mobilización cidadá convocada para este domingo día 23 ofrezca unha mensaxe clara ao respecto da necesidade dun cambio de rumbo na política lingüística, unha mensaxe sostida na convicción de que o galego vai ter o futuro que entre todas e todos axudemos a construír.

Febreiro de 2025